



Concello de Boiro

ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DESIGNADO PARA A CONFECCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A COBERTURA TEMPORAL DE POSTOS DE ADMINISTRATIVO (GRUPO C1).

SESIÓN DO 13/09/2021

Asistentes:

Presidenta:

Marta Oviedo Creo

Vogais:

Josefa Campaña Carballo

Severino Abalo Chouza

Secretaria:

María Mariño Poza

No salón de Plenos do Concello de Boiro, sendo as 13:00 horas do 13/09/2021, reúnen os membros do tribunal designado para a confección dunha bolsa de emprego destinada á cobertura con carácter temporal de postos de administrativo (grupo C1)

As bases reguladoras deste proceso de selección son as aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data de 21/07/2021.

O obxecto desta sesión é a continuación da corrección e puntuación do segundo exercicio.

1.- PUNTUACIÓN DO SEGUNDO EXERCICIO:

Unha vez corrixido o exercicio resultaron as seguintes puntuacións:

Nº	NOME	SUPOSTO Nº1	SUPOSTO Nº2	SUPOSTO Nº3	SUPOSTO Nº4	TOTAL 2º EXERCICIO
1	ALEJANDRO IGLESIAS PERNAS	2,66	5	3	1,55	12,21
2	ANA MARIA AGRELO REY	1,08	4,75	0,5	0,6	6,93
3	BEATRIZ GONZALEZ VECÍN	4,33	5	4,75	3,95	18,03
4	CARLOS NEIRA CORTIZAS	3,16	2,75	3	2,2	11,11
5	CLARA FERNANDEZ WILLISCH	4,66	5	2,5	2,3	14,46
6	CRISTINA COUTO VIANA	2	2	1,5	2,01	7,51
7	DANIEL ERMO SANCHES	1,5	4	2	1,78	9,28
8	DIEGO GONZALEZ ALVAREZ	2,33	2,75	1	0,95	7,03
9	DIGNA GONZALEZ LAIÑO	3,66	5	3,75	4,85	17,26
10	EMMA OUVIÑA CASTRO	1,66	2,5	3,5	3	10,66
11	EVA DIEGUEZ TABOADA	1	4,75	2	2,21	9,96
12	EVELYM DEL CARMEN RODRIGUEZ LOPEZ	2,16	5	3	1,75	11,91
13	JOSE FERNANDEZ CAMPOS	4,16	4,75	3,5	1,2	13,61
14	JUAN CARLOS SILVA SANCHEZ	2,83	1,5	1	1,2	6,53
15	LAURA GARCIA RIVAS	0	2	1	1,25	4,25
16	LUCIA CARRERA GOMEZ	4,32	5	3,5	3,4	16,22

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: 363N3LYD67CKYZKTJW45TTCG | Corrección: <https://boiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 7



Concello de Boiro

17	MARIA CARMEN GOMEZ VARELA	0,83	1,5	1,5	0,85	4,68
18	MARIA DOLORES VENTOSO POUSO	5	4,75	2,5	3,3	15,55
19	MARIA ELENA SANLES POUSO	0	1,5	2	1,6	5,1
20	MARIA GONZALEZ MARTINEZ	3,66	5	1,5	2,8	12,96
21	MARIA JESUS REY VAZQUEZ	0,83	4	1,5	2,03	8,36
22	MARIA JOSE CARIDAD LOPEZ	3,75	5	4,75	3,05	16,55
23	MARIA OLVEIRA ARCOS	5	5	2	4,4	16,4
24	MARIA OVIEDO BATALLA	2,16	4,75	1	2,7	10,61
25	MARIA PILAR RIAL FILGUEIRA	2,66	5	3,75	2,95	14,36
26	MARIA TERESA BRION VILA	1,16	0	1	0,8	2,96
27	NEREA GONDAR VILLANUEVA	1,66	4,75	1	3,2	10,61
28	PLACIDA SIEIRA MARTINEZ	0,83	5	1,5	2,6	9,93
29	REBECA GONZALEZ GONZALEZ	3,49	3	0	1,6	8,09
30	SANDRA MARIA SAMPEDRO REGO	3	5	1	2,55	11,55
31	SARA CAROU FIGUEIRA	4,32	2,75	1	1,73	9,8
32	SILVANA LAPIDO LORENZO	0	1,25	1	0,85	3,1
33	SOFIA VAZQUEZ ROMERO	1	1,5	0	0,1	2,6
34	SONIA MARIA VARELA CRUJEIRAS	1,5	4,5	1,5	1,95	9,45
35	TANIA RIVAS LORENZO	1,33	0,5	1	0,35	3,18
36	VERONICA MUÑIZ SOTELO	2,33	4,5	2,5	2	11,33
37	XESUS MANUEL RIOS PENA	4,33	5	3,5	1,1	13,93

2.- MODELO DE CORRECCIÓN 2º EXERCICIO.

Como anexo á acta, incorpórase o modelo de corrección correspondente ó 2º exercicio.

3.- PRAZO DE ALEGACIÓNS 2º EXERCICIO.

O tribunal acorda dar un prazo de alegacións de dous días hábiles a contar dende a publicación desta acta na páxina web do concello de Boiro.

Dando por rematada a sesión cando son as 13:30 horas do día da data, do que eu, secretaria do tribunal dou fe.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

Marta Oviedo Creo

María Mariño Poza

Josefa Campaña Carballo

Severino Abalo Chouza

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: 363N3LYD67CKYZKTJW45TTCG | Corrección: <https://boiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 7



Concello de Boiro

ANEXO. MODELO DE CORRECCIÓN 2º EJERCICIO

SUPOSTO PRÁCTICO Nº1

D.^a Lorena Sacristán López presentou o 15/02/2020 no rexistro de entrada do Concello de Boiro unha reclamación de responsabilidade patrimonial contra o concello polos danos persoais sufridos como consecuencia dunha caída ocorrida nunha rúa do municipio o 30/03/2019. O importe económico da reclamación ascende á cantidade de 36.000,00 €.

Rematada a instrución do expediente, o 15/08/2020 o concello resolve expresamente a reclamación no sentido de desestimala, notificándoselle este acordo á interesada con data 31/08/2020.

1. Cal é o prazo de tempo previsto na lei para resolver este expediente, e en que data remataría?

O prazo máximo para resolver é de 6 meses (artigo 91 LPAC), e remataría o día 15/08/2020.

2. Está resolto este expediente en prazo? Xustifique a resposta.

Non, porque a obriga de resolver inclúe a de notificar a resolución (artigos 21 e 91 LPAC). Neste caso o prazo vencía o 15/08/2020 e a resolución notificouse o 31/08/2020.

3. Que recurso ou recursos de carácter ordinario cabe interpoñer en vía administrativa contra este acordo desestimatorio, e en que día remataría o prazo para interpoñelos?

Un recurso potestativo de reposición (artigo 123 LPAC en relación co artigo 52 LRBRL). O prazo de un mes para interpoñelo remataría o 30/09/2020 (cómputo de prazos segundo o artigo 30.4 LPAC).

4. Que prazo de resolución tería/n este/s recurso/s, e que sentido tería o silencio administrativo no caso de non resolverse en prazo?

Prazo de resolución de 1 mes, e o sentido do silencio é desestimatorio do recurso (artigos 24 e 123 LPAC).

5. No suposto de que este expediente de reclamación de responsabilidade patrimonial se tivera resolto inicialmente en sentido desestimatorio por silencio administrativo, indicar qué recurso ordinario cabería en vía administrativa contra esta desestimación, prazo para a súa interposición e sentido do silencio administrativo na resolución do recurso.

Cabe igualmente un recurso potestativo de reposición, que podería interpoñerse en calquera momento a partir do día seguinte a aquel no que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto. O sentido do silencio na resolución do recurso sería tamén desestimatorio (artigos 52 LRBRL, 24, 123 e 124 LPAC).

SUPOSTO PRÁCTICO Nº 2

Don José Pérez Pérez foi nomeado libremente polo alcalde do Concello de Boiro como administrativo con carácter non permanente para realizar funcións expresamente cualificadas como de confianza con data de efectos 01/01/2018.

Posteriormente o alcalde, tras perder as eleccións, cesou no seu cargo o 01/07/2019 continuando José Pérez na prestación dos seus servizos debido a acumulación de tarefas ata o 01/10/2019.

En xuño de 2020 José Pérez Pérez presentouse a un proceso selectivo para a provisión en propiedade dunha praza de administrativo convocado polo Concello de Boiro, derivado da Oferta de emprego público do exercicio 2015. Á vista de que o sistema de provisión era o de concurso oposición e valorábase a experiencia profesional en postos de administrativo prestados en calquera





Concello de Boiro

administración pública, José Pérez Pérez presentou como mérito o seu tempo traballado no concello de Boiro desde de 01/01/2018 ao 01/10/2019.

Rematado este proceso selectivo en maio de 2021 o alcalde, en virtude de nomeamento legal, nomeou a Fermina Fernández como administrativa do concello de Boiro.

1.- Que clase de empregado público foi José Pérez Pérez no período 01/01/2018 ao 01/10/2019?

Persoal eventual.

2.- É correcta a data 01/10/2019 como data do cesamento de José Pérez Pérez? Xustifique a súa resposta.

A data non é correcta, xa que o cese debería de ter lugar, en todo caso, cando se produza o da autoridade a que se preste a función de confianza ou asesoramento.

3.- O concello de Boiro executou en prazo a Oferta de emprego público do exercicio 2015? Cal é o prazo máximo da súa execución?

O concello de Boiro non executou a Oferta de Emprego en prazo, xa que a súa execución debería desenvolverse dentro do prazo improrrogable de tres anos.

4.- O tribunal de selección nomeado para a realización do proceso selectivo debe de ter en conta a experiencia profesional achegada por José Pérez Pérez? Xustifique a súa resposta.

O tribunal de selección nomeado para a realización do proceso selectivo non debe de ter en conta a experiencia profesional achegada por José Pérez Pérez xa que a condición de persoal eventual non poderá constituír mérito para o acceso á Función Pública ou para a promoción interna.

5.- Que clase de empregada pública é Fermina? Xustifique a súa resposta.

Fermina é funcionaria de carreira, debido ó exposto no enunciado “en virtude de nomeamento legal” “para a provisión en propiedade dunha praza de administrativo convocado polo Concello de Boiro, derivado da Oferta de emprego público...”

SUPOSTO PRÁCTICO Nº 3

No Concello de Boiro hai unha gran flota de vehículos, e co fin de facer mais eficiente o gasto, e ter un mellor control do estado da flota, o concello está interesado en licitar o contrato de mantemento, reparación e limpeza dos vehículos municipais. Para a execución do citado contrato establécese un importe máximo anual de 71.000€/ano iva excluído, o contrato sacárase por prezos unitarios, coas seguintes especificacións:

- O custe da hora da man de obra non poderá superar os 31€ iva excluído
- O desconto en pezas, lubricantes, filtros e demais elementos necesarios para o mantemento, tanto preventivo como correctivo será unha porcentaxe (%) de desconto sobre as tarifas tomando como referencia os prezos de recambios establecidos no programa GT Estimate para turismos e Audatex para camións ou equivalentes.

Establécese unha duración de 2 anos prorrogable anualmente ata un máximo de outros dous anos (2+1+1)

PREGUNTAS:

1.- Cal é o tipo de contrato?





Concello de Boiro

Contrato Administrativo de Servizos

2.-Cos datos facilitados calcula o valor estimado.

$71.000\text{€} \times 4\text{anos} = 284.000\text{€}$

3.- Cal é o procedemento de adxudicación axeitado para tramitar o contrato?

Procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada porque supera os 221.000€ de valor estimado e ademais trátase dun contrato de servizos adxudicado por un Concello.

4.-Tendo en conta o procedemento de adxudicación, cal é o prazo mínimo que ten que ofrecer o concello para presentar a oferta? E dende cando comeza a contarse?

Segundo o artigo 156 da LCSP o prazo outorgado aos licitadores nun contrato de tramitación harmonizada non poderá ser inferior aos 35 días. Salvo que o órgano de contratación aceptara a presentación de ofertas por medios electrónicos, neste caso o prazo xeral de presentación de proposicións poderá reducirse en 5 días, quedando polo tanto no noso suposto práctico en 30 días (artigo 156.3 LCSP).

5.-Si o concello ten dos capítulos 1 a 5 do orzamento de ingresos unha contía igual a 12.000.000€, cal sería o órgano competente para aprobar o expediente segundo establece a Disposición Adicional 2ª da LCSP? E si o contrato fose por 1.500.000€ de valor estimado?

Primeira Pregunta:

Tendo en conta a DA 2ª da LCSP que establece a competencia para os Alcaldes presidentes cando o valor estimado dos contratos non supera o 10% dos recursos ordinarios do orzamento. O 10% dos recursos ordinarios do noso orzamento ascenden a 1.200.000€, e o valor estimado do contrato do caso práctico ascende a **284.000€ polo que o órgano competente será o Alcalde.**

Segunda Pregunta:

No caso que o valor estimado fose 1.500.000€ superaría o 10% dos recursos ordinarios polo que en aplicación da DA 2ª da LCSP o órgano competente sería **o pleno.**

SUPOSTO PRÁCTICO Nº 4

O concello ten un Orzamento Municipal para o exercizo de 2021 que ascende a 15.000.000 € Na Liquidación 2020 obtivo un Resultado Orzamentario axustado de 1.500.000 euros e un Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais de 3.500.000 euros

O detalle do resume por capítulos do Orzamento 2021 é o seguinte:

ORZAMENTO 2021			
ESTADO DE INGRESOS		ESTADO DE GASTOS	
CAPÍTULOS	Previsións iniciais 2021	CAPÍTULOS	Créditos iniciais 2021
1.- Impostos directos	5.000.000,00	1.- Gastos de persoal	5.400.000,00
2.- Impostos indirectos	100.000,00	2.- G. Bens corr. e serv.	5.300.000,00
3.- Taxas e outr. ingresos	3.500.000,00	3.- Gastos financeiros	50.000,00
4.-Transferencias correntes	5.500.000,00	4.- Transferencias Correntes	500.000,00





Concello de Boiro

5.- Ingresos patrimoniais	100.000,00		
6.-Enaxenación de investimentos reais .	-	6.- Investimentos reais	3.140.000,00
7.- Transferencias de Capital	800.000,00	7.- Transferencias de capital	10.000,00
8.- Activos financeiros	-	8.- Activos financeiros	-
9.- Pasivos financeiros	-	9.- Pasivos financeiros	600.000,00
TOTAIS.	15.000.000,00	TOTAIS.	15.000.000,00

1.- O concello mercou material de oficina por valor de 10.000 euros/anuais para a Casa de Cultura, mediante a formalización dun contrato administrativo de subministro coa Empresa Librería Pérez S.A, polo procedemento aberto e no que se estipula que a facturación será anual.

Indica:

1.1.- A que aplicación orzamentaria debería imputarse este gasto? **334/22000**

1.2.- Que tipo de factura debe presentar o proveedor, en papel ou electrónica? Onde a debe presentar?

Factura electrónica.

FACE (tamén se admite como resposta correcta que se identifique calquera outra plataforma habilitada para a presentación da factura electrónica.)

1.3.- Cal sería o órgano competente para a súa aprobación? **O Alcalde-presidente**

1.4.- Indica as fases dos gasto :

- No momento de aprobación dos pregos: Fase A (autorización do gasto)**
- No momento da adxudicación do contrato: Fase D (disposición ou compromiso)**
- No momento da aprobación da factura: Fase O (recoñecemento e liquidación de obriga)**

1.5.- Quen sería o órgano competente para ordear o pago da factura? **O alcalde-Presidente**

2.- O concello quere construír unha piscina municipal e xa ten aprobado o proxecto da obra que ascende a 900.000 euros, ive excluído. No Anexo de Investimentos non está previsto nada ao respecto e o concello non dispón de vinculación xurídica para poder efectuar dita licitación e executar a obra. Indica:

2.1.- Que expediente de modificación de créditos farías e cal podería ser o seu financiamento?

- Expediente de modificación de créditos de créditos extraordinarios;**
- Segundo os datos deste suposto práctico, sería o Remanente de Tesourería para gastos Xerais Liquidación 2020. Porén, o artigo 177 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 36 do RD 500/1990, permitirían outras fontes de financiamento para este investimento:**
 - novos ou maiores ingresos efectivamente recadados sobre os totais previstos en algún concepto do presuposto corrente**
 - mediante anulacións ou baixas de créditos de outras partidas do orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo**





Concello de Boiro

■ Operación de crédito.

2.2.- Cal sería a aplicación orzamentaria? 342/62200

2.3.- Cal sería o importe do expediente? 1.089.000 euros (900.000 + ive do 21%)

2.4.- Cal sería o órgano competente para a aprobación do expediente de modificación de créditos? pleno da Corporación.

2.5.- Require exposición ao público? (indica SI ou NON). Que se require para que entre en vigor?

● Si

● Publicación no boletín oficial da corporación, si o tivera, e, resumido por capítulos de cada un dos orzamentos que o integran, no da provincia ou, no seu caso, da comunidade autónoma uniprovincial.



Cod. Validación: 363N3LYD67CKYZKTJW45TTCC | Corrección: <https://boiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 7